DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 231 Venres, 2 de decembro de 2011 Páx. 35650

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 14 de novembro de 2011, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se procede á publicación das subvencións destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres.*

De conformidade co disposto no artigo 15.1.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 21 da Resolución do 19 de maio de 2011 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres e se procede á súa convocatoria (DOG n.º 103, do 30 de maio de 2011), procédese á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da citada Resolución do 19 de maio de 2011.

Finalidade da axuda: estas axudas teñen como finalidade fortalecer e consolidar o movemento asociativo de mulleres, por ser un elemento indispensable na promoción da igualdade de oportunidades, a través das seguintes liñas:

Liña 1: consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos corrrentes que orixine o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e as súas federacións.

Liña 2 : promoción de hábitos de vida saudables, destinada a compensar gastos correntes e/ou de persoal producidos polo desenvolvemento de actividades destinadas a esta finalidade.

Norma reguladora: Resolución do 19 de maio de 2011 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres e se procede á súa convocatoria.

Crédito orzamentario: 38.571,43 euros.

Partida orzamentaria: 04.40.313B.480.0.

Entidades beneficiarias da subvención e importe concedido a cada unha delas: véxase o anexo.

A Coruña, 14 de novembro de 2011.

Ana Lado Eiriz
Xefa territorial da Coruña

DOG Diario Oficial de Galicia



ANEXO

**Subvencións concedidas**

**Crédito asignado: 37.349,64 euros**

Liña 1. Consolidación do movemento asociativo.

| CIF | Entidade | Importes |
|---|---|---|
| G70180229 | Asociación Red Madre Coruña | 6.000,00 € |
| G70223417 | Asociación Acadar | 3.019,04 € |
| G15945686 | Asociación Labregas | 6.000,00 € |

Liña 2. Promoción de hábitos de vida saudables.

| CIF | Entidade | Importes |
|---|---|---|
| G15769532 | Asociación Galega para a Formación de Mulleres | 5.643,00 € |
| G15173263 | Asociación Integro | 6.000,00 € |
| G70184692 | Mulleres e Igualdade Oleiros | 4.000,00 € |
| G70278676 | Asociación Apade | 4.977,60 € |
| G70162185 | Asociación de Mulleres de Dodro-Malvalila | 1.557,60 € |

CVE-DOG: hcx1ymzp7-pxx2-web4-ystqlwh4kzb6